

“Crise económica: prepararse para a saída”.

Fernando Varela Carid. Vogal do TGDC.

**Artigo publicado o domingo, 16 de novembro de 2008 no suplemento
Mercados de “La Voz de Galicia”**

Despois dos embates da crise financeira, que parece calmarse por momentos, chegan as duras consecuencias para economía real baixo a forma de restricións crediticias, desaparición de empresas, incremento do paro e contracción da actividade.

Fronte ás visións apocalípticas que ven nas presentes circunstancias o comezo da desaparición do capitalismo, o que compre plantearse desde unha perspectiva realista, alén dos medios para paliar os efectos máis negativos da recesión económica, é cómo estar ben situados cando chegue a saída da crise. O verdadeiramente relevante nestes momentos xa non é, na miña opinión, se Galicia está mellor ou peor preparada para enfrontar a crise, se ten ou non un plus de resistencia, senón mirar cara adiante e tratar de entender a situación actual como unha oportunidade para colocar o aparato produtivo galego nas mellores condicións cara o futuro.

Neste sentido, está claro que o reforzo da competitividade, a orientación exportadora e a consolidación dun tecido de empresas fortes sobre a base da competencia leal constitúen elementos de indubidable importancia.

Ora ben, a clave fundamental do proceso está no impulso para a creación e fortalecemento de sectores produtivos con maior valor añadido que os predominantes na economía galega actual. O exame do comercio exterior de Galicia revela que a maior parte da produción galega está concentrada en sectores en declive relativo (chamados estrelas minguantes), é dicir, sectores que teñen unha demanda internacional que se contrae en termos porcentuais e que, por tanto, cada vez teñen unha importancia menor nas cestas de compra dos consumidores europeos e doutros países adiantados.

Pertencen a esa categoría os produtos máis característicos da nosa oferta, mesmo emblemáticos, como as prendas de vestir, o peixe e as súas conservas, a madeira, a industria do moble, e o granito e as manufacturas de pedra, entre outros. Para as empresas especializadas neses produtos, a demanda pode estar aumentando en termos absolutos ou sufrir oscilacións máis ou menos significativas como consecuencia da crise actual, mais, en todo caso, esa situación de declive relativo non representa unha eiva importante desde a súa perspectiva individual, mesmo pode tratarse de empresas cun éxito notable, como acontece con varias exemplos de todos coñecidos.

Sen embargo, para o conxunto do país galego, esa concentración en sectores en declive relativo si que supón unha grave circunstancia que compre atallar de xeito sistemático mediante unha acción decidida e intelixente das administracións públicas. A situación

económica actual, co seu efecto redefinidor da actividade empresarial, pode converterse nunha oportunidade singular se se sabe aproveitar axeitadamente.